

Entre os días 22 e 27 de setembro a Escola Municipal de Artes e Oficios de Verín acollerá a celebración da “XV Escola de Vero de Áreas Artísticas - Comarca de Monterrei”. Devandita actividade conta con 100 prazas e está destinada a docentes de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma Galega, que deberán abonar unha matrícula de 30 euros.

Durante 25 horas os asistentes recibirán, mediante cursos e obradoiros, formación en aproveitamento didáctico das conmemoracións anuais, é dicir, días e festas populares do ciclo anual, e de cantigas e actividades lúdicas para infantil, primaria e secundaria.

O desenvolvemento de devandita actividade, que conta coa colaboración do Concello de Verín, está organizada polo Movemento de Renovación Pedagóxica da Asociación Socio-Pedagóxica Galaico-Portuguesa.